

ANUNCIO SOBRE AS ATRACCIÓNS E POSTOS NA FESTA DA TROITA 2017

Participasclle que as solicitudes para a colocación de atraccións e dos diferentes postos deberán achegar a seguinte documentación e non caso de ser autorizados ter en conta o seguinte:

ATRACCIÓNS

- Identificación e domicilio dos titulares, promotores, e os seus representantes legais, no seu caso. Cando trátase de entidade xurídica deberá facilitar un correo electrónico e teléfono.
- Pólizas de seguro de Responsabilidade Civil
- Recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Certificados de instalación eléctrica.
- Certificado técnico da atracción

Ademais a seguinte documentación será obrigatoria para a propia atracción e deberase poñer a disposición do persoal do Concello ou da empresa que supervise a montaxe das atraccións cando se requira e ademais cumprir co seguinte:

- Proxecto técnico detallado que conformará o expediente técnico oficial.
- Manual que comprenda:
 - Instrucións de montaxe e desmonte.
 - Instrucións de funcionamento.
 - Instrucións de mantemento.
 - Información especial.
 - Planos e diagramas.
 - Placa de identificación.
 - Expediente técnico oficial na atracción.
 - Manual de funcionamento.
 - Libro de operacións.
- Certificado do montador do escenario acreditando a estabilidade das estruturas montadas.
- Documentación do xerador.
 - Cumprimento das instrucións Técnicas complementarias para Feiras e casetas ITCBT-34 do Regulamento electrotécnico de Baixa Tensión e en especial:
 - A disposición de protección xeral nos cadros eléctricos.
 - A disposición de cables por vía aérea ou a utilización de cables blindados se van por chan.
 - A dotación de posta a terra do xerador e da estrutura da atracción.
 - Certificado de instalación eléctrica para os días da festa de enganche do grupo electrógeno.

HINCHABLES

- Identificación e domicilio dos titulares, promotores, e os seus representantes legais, no seu caso. Cando trátase de entidade xurídica deberá facilitar un correo electrónico e teléfono.
- Pólizas de seguro de Responsabilidade Civil

- Recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Certificados de instalación eléctrica.
- Certificado técnico da atracción

Ademais deberase observar:

- O castelo inchable debe ter en lugar visible: a autorización, normas de uso, aforamento no interior (carga máxima soportada), idade mínima e máxima de utilización.
- A actividade debe estar controlada en todo momento por un adulto responsable, que verifique a seguridade da instalación e a correcta utilización por parte dos nenos.
- Non se poderá utilizar en caso de meteoroloxía adversa.
- Debe ter un mínimo de 6 puntos de ancoraxe ao chan, distribuídos ao redor do perímetro, de forma firme e provistos de extremos metálicos
- O perímetro de seguridade debe ser de 1 m como mínimo
- O terreo onde se atope a instalación debe ser chaira e firme
- As idades dos nenos que están a utilizar a instalación de forma simultánea deben ser similares.
- Cumprirán a norma UNE EN 14960:2007- equipos de xogo inchable: requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

POSTOS DE VENDA DE COMIDA E OUTROS

- Identificación e domicilio dos titulares, promotores, e os seus representantes legais, no seu caso. Cando trátase de entidade xurídica deberá facilitar un correo electrónico e teléfono.
- Pólizas de seguro de Responsabilidade Civil
- Recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Certificados de instalación eléctrica ou declaración de non utilización de enerxía eléctrica
- Documentación do camión, non seu caso
- Documentación ITV en vigor, non seu caso
- Certificado de revisión periódica da instalación de gas individual.

Ademais deberán observar ou seguinte:

- Cumprimento das instrucións Técnicas complementarias para Feiras e casetas ITCBT- 34 do Regulamento electrotécnico de Baixa Tensión e en especial:
- A disposición de protección xeral nos cadros eléctricos.

Oroso, 27 de abril de 2017
O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

